



CO₂RUNA

BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL DA
ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

CONCELLO DA CORUÑA

NÚMERO 3: MAIO-XUÑO DE 2015

PERIODICIDADE: BIMESTRAL

EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
DO CONCELLO DA CORUÑA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
MEDIO AMBIENTE



QUE HAI DEBAIXO DO RUÍDO?

O Día Internacional de Concienciación sobre o Ruído celebrouse por primeira vez o 24 de Abril de 1996, como parte dunha conferencia local organizada pola "Liga de Persoas con Problemas Auditivos" en Nova York. Na actualidade integra un programa internacional no que participan cidades dos Estados Unidos, Canadá, Europa e Asia. En España está promovido pola Sociedade Española de Acústica, e celébrase o último mércores de abril de cada ano, como unha forma de chamar a atención dos cidadáns acerca da importancia do silencio e o cada vez máis grave problema da contaminación acústica.

Son causas desta contaminación o abuso dos vehículos a motor, o crecente fluxo de vehículos en autoestradas próximas a vivendas, as radios e televisores a altos volumes en lugares públicos (autobuses, cafés, salas de espera...); a proliferación de bares nocturnos en áreas residenciais, as conversacións en voz moi alta...

Evitar entre todos a emisión de ruído nese tipo de situacións é protexer a nosa saúde. Son moitos os factores que afectan a nosa capacidade auditiva (xa sexamos pequenos ou maiores) a causa deste tipo de contaminación: música alta a través de altos falantes ou cascos de música, falta de protección auditiva no traballo... É importante recordar que ante o menor síntoma de perda de oído hai que visitar a un especialista.

A cidade da Coruña conta dende o 21 de xullo de 2014 coa súa propia "Ordenanza Municipal de Protección Contra a Contaminación Acústica", que é unha adaptación ao ámbito local da normativa estatal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións. Publicada no BOP número 151 de 11/8/2014, regula aspectos como os niveis de contaminación acústica e a prevención da mesma, a creación de Zonas de Protección Acústica Especial, as condicións e medidas de protección esixibles tanto para actividades comerciais coma para vehículos, obras ou eventos populares, así como os sistemas de inspección e o réxime sancionador.



Xornada con escolares o 7 de maio

Este ano, a través do programa municipal de Educación Ambiental, os destinatarios das actividades con escolares para conmemorar esta xornada foron os alumnos do colexio Maristas.

Dende o seu propio centro, os alumnos de segundo da ESO desenvolveron unha iniciativa relacionada coa contaminación acústica. Coa implicación dos seus docentes levaron a cabo unha actividade moi interesante e concienciadora: elaboraron o seu propio mapa de ruído nas instalacións do seu centro e tomaron uns puntos de control na cidade. A través desta interesante actividade e o seu posterior diagnóstico, elevaron as súas propostas ao Área de Medio Ambiente municipal.

De primeira man puideron comprobar que a contaminación acústica, a miúdo minusvalorada fronte a outros axentes contaminantes presentes nas sociedades desenvolvidas (malia que no noso país é singularmente relevante), inflúe na calidade de vida de todos. Unha redución das emisións será imperativa nos ambientes urbanos nos próximos anos.

Durante a charla, estes alumnos puideron ademais comprobar outros ambientes de son. Por exemplo, que sucede no silencio, en que frecuencia e amplitudes cantan as aves ou como soa o vento nun espazo natural.

Tamén souberon acerca de aplicacións terapéuticas dos sons, as paisaxes sonoras ou os enxeños que reducen en ambientes urbanos a incidencia dos ruídos.

Máis información:

Ordenanza Municipal de Protección
Contra a Contaminación Acústica:

<http://goo.gl/gPaA3r>

Mapa de Ruído da Coruña:

[http://www.coruna.es/
infoambiental/es/ruído/mapa-
de-ruído.html](http://www.coruna.es/infoambiental/es/ruído/mapa-de-ruído.html)





A CORUÑA CELEBROU O 22 DE MAIO O DÍA DA BIODIVERSIDADE

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclamou o 22 de maio como o Día Internacional da Diversidade Biolóxica, co propósito de informar e concienciar á poboación e os Estados sobre as cuestións relativas á biodiversidade. A data elixiuse para que coincidise co aniversario da aprobación do Convenio sobre a Diversidade Biolóxica en 1992.

O destino da humanidade depende da diversidade biolóxica, da riqueza e variedade dos seres vivos do planeta. É esencial para o desenvolvemento sostible e para o benestar dos humanos, e clave para reducir a pobreza. O termo Biodiversidade foise impondo na axenda dos dirixentes do Planeta pero, lamentablemente, está afastado o momento aínda no que supoña un condicionante das políticas internacionais. Non obstante, é un feito que máis de 3000 millóns de persoas dependen da biodiversidade mariña e dos litorais para subsistir e outros 1600 millóns dependen dos bosques. A perda da biodiversidade ameaza ecosistemas únicos no Planeta, ao tempo que destrúe modos de vida de sociedades máis respectuosas co seu ámbito. O modo actual de vida, no que impera o concepto do desenvolvemento económico por enriba de calquera condicionante, devora recursos sen considerar as oportunidades que esconden e que poderían ser solucións a futuros problemas. Por todo iso, é importante que as estratexias para a protección da biodiversidade tamén inclúan medidas para a protección da pobreza e a promoción dun desenvolvemento sostible.



O día da Biodiversidade e os escolares

Foron os alumnos do *Colexio Víctor López Seoane* os participantes nas actividades promovidas polo Concello con motivo desta efemérides. Os escolares de sexto curso recibiron unha charla acerca do concepto de biodiversidade e da figura do importante naturalista galego Víctor López Seoane, motivo polo cal este centro foi seleccionado este ano. A continuación da charla, os alumnos realizaron unha visita guiada ao entorno da Torre de Hércules e Punta Herminia, onde puideron coñecer algúns interesantes ecosistemas da nosa cidade, que inclúen algunhas plantas endémicas do noroeste da península Ibérica.





A CORUÑA CELEBROU O DÍA DO MEDIO NA CASA DA AUGA

O pasado 5 de xuño celebrouse o Día do Medio. Con ese motivo o Concello da Coruña, a través da súa Área de Medio Ambiente, programou diversas actividades para escolares. Tiveron lugar na Casa da Auga.

Os conceptos sobre os que traballaron nenos e nenas de Educación Primaria do [Colexio Sal Lence](#) e o [Colexio Concepción Arenal](#) incluíron dende a conservación do medio natural ata a xestión dos residuos, o aforro de enerxía, a loita contra o cambio climático ou o coidado da calidade da auga e o aire, entre moitos outros. Para iso participaron en diferentes actividades que tiveron a nosa cidade como protagonista. “Pensa globalmente e actúa localmente”, o clásico lema do pensamento sostible, foi a filosofía que impregnou estas xornadas, nas que os escolares aproveitaron para coñecer as diferentes accións ambientais que A Coruña vén desenvolvendo para afrontar os retos ambientais.

Unha das actividades foi un xogo no que os rapaces convertéronse en “técnicos especialistas” aos que se lles expoñían unha serie de problemas ambientais na cidade. Fixeron un traballo de investigación por equipos, un por cada sector ambiental (residuos, auga, enerxía, biodiversidade e atmosfera) co fin de aportar solucións. Xogouse sobre un taboleiro verdadeiramente impresionante: unha enorme foto aérea da cidade.



Noutra actividade abordaron o problema do cambio climático e cal é o papel de cidadáns e administracións á hora de afrontalo. Para iso puxeron en marcha un creativo teatriño no que cada un deles asumiu o papel dunha nube, unha cheminea, un automóbil, un farol, un aeroxenerador... Dirixidos polos monitores, recrearon entón as causas do cambio climático e coñeceron os seus efectos e as solucións que se están a formular e adopta para encarar este problema tanto a nivel global coma dende a nosa cidade.



A través destas e outras actividades os escolares comprenderon mellor o papel que cada un de nós, pequenos e maiores, xoga en inclinar a balanza cara a un futuro climáticamente máis sostible ou non. Un futuro que é o seu.

Estas accións completáronse cunha exposición de paneis informativos acerca do medio na Coruña, así como de figuras de elementos ambientais facilmente identificables da nosa cidade para que os participantes se fotografasen asomando a cabeza por eles.



O CONCELLO DA CORUÑA CELEBROU O DÍA DOS OCÉANOS O LUNS 8 DE XUÑO

Un grupo de 50 escolares fixeron un percorrido polo litoral do municipio e remataron no Monte de San Pedro coa lectura dun manifesto sobre o mar.

50 alumnos e alumnas do [Colexio Grande Obra de Atocha](#) participaron o pasado 8 de xuño nunha actividade da Área de Medio Ambiente do Concello destinada a celebrar o Día Mundial dos Océanos.

A actividade consistiu nun percorrido por algúns dos lugares máis emblemáticos do litoral urbano, incluíndo un paseo entre Punta Herminia e a Torre de Hércules. Nas diferentes paradas abordáronse diferentes aspectos da importancia dos océanos para a saúde global do planeta, os diferentes impactos que veñen recibindo a causa da actividade humana (sobrepesca, lixo flotante, mareas negras, cambio climático...), e as distintas accións que se están a desenvolver para combatelas. A xornada finalizou no Monte de San Pedro coa lectura dun manifesto escolar pola conservación do mar.




UNHA EXPOSICIÓN SOBRE A FAUNA ALADA DA CIDADE

A Área de Medio Ambiente do Concello da Coruña comezou en xuño a instalar en diferentes destinos da cidade unha exposición itinerante acerca dos veciños alados do municipio: as aves e demais animais con ás que teñen aquí o seu fogar.


A Coruña destaca entre as capitais de provincia de España pola súa notable diversidade de aves. A pesar da súa condición de urbe densamente poboada, a inmediatez do mar e a presenza de diversos espazos verdes que albergan distintos tipos de hábitats favorecen esta diversidade. A elas únense baixo as nubes moitos outros animais que a miúdo pasan desapercibidos, por exemplo, os morcegos. Tamén diversas especies de insectos, dende as molestas moscas ou os mosquitos ás espectaculares bolboretas e libélula, e mesmo as barbantesas relixiosas e as xoaniñas.





Son infinidade as especies de animais que integran a fauna do noso ceo. Nesta exposición, composta por 85 paneis de 29 x 42 cm instalados sobre 8 representacións en madeira de árbores, móstranse os costumes de moitas delas, acompañadas de textos introdutorios acerca das diferentes mecánicas de voo, a fisionomía das plumas, as longas viaxes dalgúns aves...

Sabías que na Coruña compartimos virapedras (unha ave típica do noso litoral máis rochoso) co extremo norte de Canadá (onde acode a criar en primavera)? Ou que as curuxas voan de noite sobre os campos da Torre de Hércules en busca de roedores? Ou que unha de nosas libélulas máis rechamantes, a Anax imperator, procede orixinalmente de África, de onde foi estendéndose cara ao norte ata ocupar toda Europa? Esta exposición cóntanolo.





A CORUÑA CELEBROU A SEMANA DAS ENERXÍAS CON CHARLAS E TALLERES PARA ESCOLARES

Na semana do 15 ao 22 de xuño o Concello da Coruña, a través da Área de Medio Ambiente, celebrou a Semana das Enerxías.

A formación de cidadáns e cidadás responsables de todas as idades na xestión e consumo persoal e familiar das enerxías é unha tarefa de primeira importancia. O consumo enerxético de sociedades desenvolvidas como a nosa debe limitar ao máximo o seu impacto sobre os recursos naturais, para o cal é necesario que todas as persoas sexan responsables do seu papel á hora de inclinar a balanza cara á sostibilidade ou cara a todo o contrario.



Con este obxectivo, a Área de Medio Ambiente do Concello da Coruña vén dende hai anos desenvolvendo un programa de educación ambiental especificamente dedicado a este tema. Ademais, o día 15 de xuño, con motivo da celebración da Semana da Enerxía, puxo en marcha varias horas de reflexión activa e moi entretida en torno a el. Participaron nesta xornada escolares de entre 13 e 15 anos do Colexio "La Grande Obra de Atocha". Eles foron os encargados de facer chegar a mensaxe ás súas familias. Non debemos esquecer que os recursos que consumimos hoxe os compartimos cos que serán, á súa vez, os seus fillos e netos. Por iso debe importarlles tanto o que facemos con eles! O mesmo que a nós. Sinais de alerta como o cambio climático ou o esgotamento dos combustibles fósiles, entre moitas outras, deben invitarnos a pensar moito sobre este asunto.

Estas actividades consistiron en charlas introdutorias sobre as enerxías renovables e talleres sobre como fabricar un invernadoiro e unha cociña solar. Neles os rapaces aprenderon de forma directa e activa numerosas claves acerca de en que consiste a enerxía, o seu aforro e uso sostible e o abuso que ata agora se veu facendo de recursos que xa sabemos que non son eternos. O cambio climático como problema global e polo tanto tamén persoal, e as oportunidades de futuro que ofrecen as enerxías renovables, en particular neste país, foron outros dos temas que se abordaron.





MEDIO AMBIENTE COLABORA NUNHAS XORNADAS PARA ACHEGAR AS AVES ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE VISUAL

O Grupo Naturalista Hábitat poxo en marcha esta iniciativa que incluiu un taller de identificación de aves por cantos e reclamos, un paseo guiado para o recoñecemento dos paxaros e unha xornada de anelamento científico

A iniciativa, organizada polo Grupo Naturalista Hábitat en colaboración co Concello e a ONCE, ten como obxectivos fundamentais traballar en favor dunha sociedade máis inclusiva, facilitar a integración social de todos os colectivos e achegar a natureza á cidadanía. Tamén se pretende divulgar o patrimonio natural, implicar a toda a sociedade na protección do medio natural a través do estudo das aves e facilitar o seu coñecemento ao colectivo de persoas con discapacidade visual da Coruña.

A actividade dividiuse en tres xornadas: taller de identificación de aves (na sede da ONCE na Coruña); paseo guiado para o recoñecemento das aves (no parque de Santa Margarita); e xornada de anelamento científico de aves (no encoro de Cecebre).

En concreto, a primeira actividade consistiu nunha exposición teórica sobre as especies de aves máis comúns presentes na contorna da Coruña. Así, un experto ornitólogo espuxo diferentes contidos para que as persoas asistentes poidesen coñecer e diferenciar algunhas aves habituais no medio natural abordando aspectos como os cantos e reclamos das aves, as súas adaptacións fisiolóxicas para a emisión de sons ou consellos para a identificación de cantos. Para iso realizáronse diversas audicións e traballouse con elementos como plumas, niños ou reproducións a escala.

Despois da xornada teórica realizouse un paseo guiado co ornitólogo no parque de Santa Margarita para que as persoas asistentes poidesen comprobar de primeira man o aprendido, detectar e analizar os sons das aves. Por último, realizouse unha xornada de anelamento científico, unha ferramenta esencial no estudo das aves que permite analizar dinámicas das poboacións, migracións e incluso a biografía das aves. Así, as persoas participantes poideron tomar contacto directo co campo e tocar coas súas mans os diferentes elementos necesarios para o anelamento científico, así como os diferentes exemplares de aves que se recolleron durante a xornada para familiarizarse coa súa morfoloxía e características.

Esta iniciativa únese a outras desenvolvidas polo Grupo Naturalista Hábitat en colaboración co Concello como as rutas mensuais pola contorna da Torre de Hércules que gozan dun grande éxito de asistentes.



CO₂RUÑA

www.coruna.es/medioambiente

séguenos en:



CO2Coruña



@CO2Coruña

@coruna_sostible

@airecoruna

Para máis información sobre os
Programas de Educación Ambiental

981 903 834

educacionambientalcoruna@gmail.com



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
MEDIO AMBIENTE

